

A Xunta Directiva do Centro Comercial Aberto Carballo e a Xunta Directiva do Polígono de Carballo

Manifestan que

ante a gravísima situación económica na que o estado de emerxencia sitúa ao noso tecido comercial e empresarial, desde ambas Xuntas Directivas solicitamos a axuda do concello de Carballo para colaborar, na medida do posible, a que os nosos comercios e autónomos superen a situación e cando isto pase poidan volver a comezar a súa actividade cun mínimo de normalidade.

Tamén é necesario manter os postos de traballo en Carballo, pois esta situación afecta a toda a vila. Desta crise temos que saír da man, non só o comercio, a hostalería ou os autónomos senón tamén os veciños e veciñas que son parte da nosa preocupación, xa que ademais de familia ou amizades, son os nosos primeiros consumidores.

Como posibles medidas a adoptar propoñemos:

- Que o concello de Carballo asuma unha parte das cotas da seguridade social e unha parte dos gastos de aluguer dos locais comerciais, tantos de comercios como de autónomos.
- Conceder unha cantidade fixa de 1.200 € ás empresas que tiveron que cerrar polo decreto do estado de alarma, e de 750 € a aquelas que a pesar de manterse abertas diminuíron a súa facturación nun 75 % como consecuencia da crise do coronavirus.
- As empresas que non recurran a un ERTE recibir unha axuda por cada empregado.
- Aqueles que boten man do ERTE recibir axuda sempre que acorden cos traballadores que estes perciban o 100% da base reguladora e non soamente o 70 % que aporta o Estado.
- Supresión, non aprazamento, do pago dos impostos nos que o concello teña competencia: IBI ou taxas por actividade económica (auga, lixo, terrazas, ...).
- Créditos sen intereses, a longo prazo, para afrontar pagos urxentes ou gastos correntes como o subministro eléctrico.
- Calquera medida de axuda ao pequeno comercio e autónomos que complemente e coordine os plans que poñan en práctica outras administracións: Deputación da Coruña, Xunta de Galicia ou Estado Central.

Carballo, 8 de abril de 2020

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO